

VIEIROS

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

SEN CORSÉ

Porno-mol (un cadro de costumes)

Ton de sátira amábel. Un cuarto á noite. Poderían ser tres, pero son dous. De orixe social humilde, algo ascenderon. É doado detectar certo esnobismo na decoración. Láminas chinesas, luz incidental, orde alfabética nos libros dos andeis. Máis ou menos guapos, case sempre dormen espidos. Levan xuntos o tempo suficiente. Aínda non aborreceron por completo o corpo do outro. Un conto erótico de **María do Cebreiro** ilustrado por **Xosé Carlos Hidalgo**.

TEMPOS Novos - 12:00 27/07/2007

-Gústache así?

-Así como?

-Non te vexo eu moi centrada.

-Pois eu a ti véxote moi técnico.

-Prefires que paremos?

-Para, anda, para.

[Silencio]

-Lembras cando nos coñecemos?

-Lembro o primeiro abrazo.

-Gustoume sentir aquilo.

-O da pistola?

-Vas armado ou alégraste de verme?

-Esa estivo moi ben.

-E por que unha pistola?

-Preferirías nabo?

-Mira que es literal, cona.

-Nabo é unha metáfora.

-Aínda se che nota que es de letras.

-Que pasa, que aos de ciencias non vos gusta?

-O que?

-As escenas de cama.

-Ti xoga, xoga.

-Aí, que medo me dás.

[Silencio]

- Cansácheste de min?
- Non ten que ver con iso.
- Aínda pensas nel?
- A ti non che dixeron que hai cousas que é mellor non preguntar?
- Quero saber se che gustaba máis.
- Xa che dixen que non significou nada.
- Iso é un tópico.
- No sexo, todo é un tópico.
- E no amor non?
- Odio falar de amor.
- Pois eu quérote.
- Calado estás tan guapo.

[Silencio]

- Non sei por que, pero Mae West dáme un pouco de grima.
- Tiña a cara moi ancha.
- Eu pensaba máis ben na súa agresividade.
- Se es boa vas ao ceo.
- Se es unha mala pécora vas a todas partes.
- Pois vaia teoría da pataca.
- Supoño que o escribiu un guionista.
- O que me gustaría a min é ser tan boa como para ir ao inferno.
- O que che gusta a ti é ir ao Ribeiro e levar as uvas á merenda.

[Silencio]

- Tentámolo de novo?
- Si, home, si.
- Non é tan tarde.
- Faino ti só.
- Iso é o que che gusta?
- Mirar sen facer nada?
- Vaina rañar
- Durmimos?

Conto publicado na edición impresa de TEMPOS Novos (nº 122, xullo de 2007)